

Registro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 Nº. 200700020435
20-11-2007 14:15:56

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o martes, día 20 de novembro de 2007, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- * Estimación do recurso de alzada presentado polo alumno D. José Antonio Conde Tojo contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Estudos Empresarias polo que se lle denegou a admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular na materia “Matemáticas”.
- * Aprobación das propostas de novos Programas Oficiais de Posgrao para o curso 2008/2009.
- * Aprobación da proposta de normativa reguladora do procedemento para a tramitación e aprobación de convenios na Universidade de Vigo.
- * Aprobación de modelos de convenio.
- * Aprobación da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e da Autenticidade Alimentaria de Galicia.
- * Aprobación da participación da Universidade de Vigo no Consorcio Termigal.
- * Aprobación de importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.
- * Aprobación de transferencias de crédito.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, relativo á distribución de fondos do programa de estruturación de unidades de investigación en Humanidades e Ciencias Sociais – Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento dun proxecto de información e difusión académica destinado ás colectividades de galegos residentes no exterior – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de proxectos e actuacións de investigación e desenvolvemento en infraestruturas científico-tecnolóxicas – Convenio específico coa Universidade Federal de Uberlândia (Brasil).



Vigo, 20 de novembro de 2007
A Secretaría Xeral

Esther M^a González Pillado